



**9 de abril de 2013.** A [Oficina de medio ambiente \(OMA\) da UDC](#) e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) organizamos un ano máis o ciclo de conferencias e obradoiros **Primavera**

### **Ambiental**

, co obxectivo de achegar á comunidade universitaria diversas problemáticas, propostas e vías de participación na solución das mesmas. A duración do ciclo será desde o

**10 de abril até o 7 de xuño**

. En oito actividades diferenciadas, abordaremos temáticas tan diversas como os residuos, a agroecoloxía, a biodiversidade, a enerxía, o consumo responsable... Ademais dunha compoñente teórica para a que convidamos a persoas expertas, todas elas inclúen aspectos prácticos e traballos aplicados ao campus e aos centros universitarios. Polo seu contido eminentemente práctico, todas elas están abertas á participación como voluntariado ambiental.

### **Programa**

**10 de abril: Horta urbana e compostaxe** Veremos como converter unha terraza ou balcón nunha horta, poñeremos a punto unha mesa de cultivo e visitaremos a área de compostaxe da UDC. Contaremos coa intervención da Asociación Galega de Horticultura Urbana (AGHU).

[+INFO](#)

### **18 de abril: Proxecto Ríos**

Coñeceremos este programa de voluntariado en ríos e faremos a inspección de primavera do río Lagares. Acompañaranos un/ha educador/a do Proxecto Ríos.

### **24 de abril: Encontro solar**

Faremos unha exposición-obradoiro de aparellos solares, como fornos solares e outros, e teremos unha visita guiada a unha instalación fotovoltaica da UDC e a un centro con elementos de bioclimatización. Tamén haberá lugar para organizar un mercadiño de troco.

## **8 de maio**

Reutilización e reciclaxe. Aprenderemos a importancia da reciclaxe de papel e aprenderemos a facer un consumo responsable do mesmo, presentaremos a campaña de aforro e reutilización de papel levada a cabo pola OMA e aprenderemos a elaborar cadernos con papel reutilizado.

## **15 de maio**

Caixas niño para morcego. Coñeceremos a vida dos morcegos e para fomentar a biodiversidade no campus construiremos caixas niño que penduraremos polo campus. Posteriormente faremos o seguimento destas caixas. Contaremos con persoal experto en morcegos da Asociación Drosera.

## **22 de maio: Día mundial da biodiversidade**

Faremos unha actividade de restauración participativa no monte da Fraga, e construiremos unha pequena charca co obxectivo de incrementar a poboación de anfibios e libeliñas no campus.

## **29 de maio: Flora exótica invasora**

Da man de ADEGA, aprenderemos a identificar a flora exótica invasora e posteriormente sairemos ao monte da Fraga a facer unha eliminación deste tipo de especies.

## **7 de xuño: limpeza de praias**

Para clausurar o ciclo participaremos na limpeza simultánea de praias.

**Se estás interesado/a nalgunha destas actividades podes reservar xa a túa praza no correo da Oficina de Medio Ambiente [oma3@udc.es](mailto:oma3@udc.es)**

Oficina de medio ambiente (OMA-UDC). Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas.

Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA).